

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE OUTUBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do concello de Xinzo de Limia (Ourense).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Xinzo de Limia (Ourense).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Abegondo de todo o dominio público, a excepción da calzada e das beiravías, do treito da estrada AC-542 Betanzos (AC-840) – Mesón do Vento (N-550) entre os puntos quilométricos 12+115 e o 12+505, marxe esquerda.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o castro de Santa María de Cervantes, no lugar do Castro da parroquia de Santa María do Castro, no termo municipal de Cervantes (Lugo).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia.
- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cese como director de Portos de Galicia de José Ignacio Villar.
- Decreto polo que se nomea director de Portos de Galicia a Roi Fernández Añón.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de creación da empresa pública Xestión Integral da Auga en Galicia S.A.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o Proxecto sectorial para a ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño, situadas en Alvedro, no Concello de Culleredo (A Coruña) como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración do plan estratéxico da PAC (política agraria común) en Galicia Horizonte 2030, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe total de douscentos oitenta e sete mil setecentos sesenta e nove euros (287.769 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a Orde pola que se aproban as normas técnicas de planeamento.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución da nova convocatoria do programa Talento Sénior.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

- ***Os decretos que aproban o escudo e a bandeira deste municipio ourensán xa reciben informe favorable da Comisión de Heráldica***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos que aproban a bandeira e o escudo de Xinzo de Limia, en Ourense, e que xa reciben informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do pasado 23 de setembro. Este órgano consultivo, adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, o escudo é partido e medio cortado. No primeiro, de prata (branco), a banda de sable (negro) e brochante, en orla, a cadea de ouro (amarelo). Segundo, de ouro, o galo de gules de vermello. E terceiro, de sinople (verde), dúas espigas de ouro postas en aspa. Ao timbre, a coroa real pechada.

Pola súa banda, a bandeira está conformada por un pano branco, coa banda de negro e, brochante, en orla, a cadea de amarelo. Partida e medio cortada, ao batente: primeiro de amarelo, co galo de vermello, e segundo de verde, coas espigas cruzadas de amarelo.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE ABEGONDO DO DOMINIO PÚBLICO DA SENDA EXECUTADA NA ESTRADA AC-542, NAS NOGUEIRAS

- ***A Consellería de Infraestruturas executou unha senda nesta estrada e o concello comprometéase a asumir a titularidade de todo o dominio público deste tramo unha vez rematadas as obras***
- ***Esta colaboración permitiu executar a senda sen necesidade dun procedemento expropiatorio, construíndose parcialmente en dominio público e noutra parte en terreos cedidos por particulares e xestionados polo concello***
- ***Coa transferencia, o concello será o responsable das tarefas de mantemento e poderá actuar sobre esta zona de modo acorde coas súas características***
- ***O cambio de titularidade formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no DOG***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Abegondo do dominio público da senda executada na estrada AC-542, ao seu paso polas Nogueiras.

A Xunta e o Concello de Abegondo asinaron en xaneiro de 2019 un convenio polo que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade se comprometía a executar a senda e o municipio a asumir a titularidade do dominio público viario no treito onde se acometería a actuación.

Esta fórmula de colaboración permitiu a execución da senda sen necesidade de acudir a un procedemento expropiatorio, de modo que a actuación se realizou parcialmente en dominio público e noutra parte en terreos cedidos por particulares e xestionados polo Concello de Abegondo.

As obras executáronse entre abril e xuño de 2019 e construíuse unha senda na marxe esquerda da AC-542, no lugar das Nogueiras, cunha lonxitude de 390 metros.

Unha vez rematadas as obras, e en cumprimento do previsto no convenio, os servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas emitiron informe favorable a transferencia.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade do Dominio Público das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais.

Coa transferencia, o concello será o responsable das tarefas de conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta zona de modo acorde coas súas características, e non serán xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.

O cambio de titularidade formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico.

A XUNTA DECLARA BIC O CASTRO DE SANTA MARÍA DE CERVANTES, XACEMENTO CHAVE PARA COMPRENDER A TRANSICIÓN AO MUNDO ROMANO

- ***O decreto aprobado esta mañá recolle a inscrición no Catálogo do patrimonio Cultural de Galicia os xacementos da Viña da Moura e do Ribadón, a igrexa e a casa reitoral de Santa María do Castro e o lugar de valor etnolóxico Cea do Río***

O consello da Xunta aprobou declarar ben de interese cultural (BIC) o Castro de Santa María de Cervantes (Lugo), así como a inscrición no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia de diversos bens do ámbito desta zona arqueolóxica, á vista das súas características e dos seus valores culturais sobranceiros. O conxunto está integrado, ademais de polo poboado castrexo e dos restos das explotacións mineiras, por unha necrópole que se remonta cando menos ao século XIV, de rito cristián, localizada sobre o recinto do castro, e por un poboado mineiro de época castrexa, dos séculos I e II.

O xacemento castrexo de Santa María, situado nun pequeno saínte da ladeira do monte que configura un curto meandro do río Quindous, dispónse de norte a sur, e aproveita as características naturais do terreo. Así mesmo, destaca polas características imponentes das serras orientais galegas.

A Consellería de Cultura e Turismo promoveu traballos de prospección arqueolóxica e documentación para a delimitación que acreditan os valores culturais sobranceiros da zona arqueolóxica do Castro de Cervantes, en especial o seu valor no proceso de transición das culturas prerromanas ao mundo romano. Neste sentido, estes xacementos achegaron numerosos datos sobre a investigación do fenómeno castrexo no período da transición das culturas prerromanas ao mundo romano, xa que están asociados ao proceso de integración das poboacións locais na complexa dinámica organizada polo Imperio Romano, que explotaba os xacementos auríferos do río Navia e os seus afluentes.

No mesmo ámbito da zona arqueolóxica e o contorno de protección do castro de Cervantes localízanse outros elementos con valor cultural que se clasifican polo seu interese cultural para ser incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia como os xacementos da Viña da Moura e do Ribadón, a igrexa e a casa reitoral de Santa María do Castro e o lugar de valor etnolóxico Cea do Río.

Características do poboado

A escavación do poboado permitiu comprobar a relación que existía entre os elementos de delimitación do castro e a explotación aurífera polo que podería confirmarse a hipótese de tratarse dun poboado de nova planta, en que case todas as cabanas se constituiron de forma contemporánea. Esta peculiaridade é claramente visible, xa que todos os espazos exteriores comúns e as pequenas obras realizadas para a evacuación das augas se fixeron todas nun mesmo momento, valorando os problemas que creaba cada construción nos distintos espazos utilizados. Así, os desaugadoiros das cabanas situadas a un nivel superior

canalizábanse por pequenas canles que, nalgúns casos, cruzaban algunhas das dependencias dun nivel inferior, o que significa que no momento da súa construción tivéronse en conta os problemas comúns e déronlles unha solución beneficiosa para o conxunto das estruturas levantadas.

É moi significativo que non exista, polo menos na superficie escavada, ningún espazo asociado ás cabanas que se utilice como zona auxiliar de traballo, como almacén ou como un anexo onde realizar labores relacionados coa gandería ou a agricultura, como adoita ocorrer nos poboados prerromanos escavados en zonas próximas, o que reflicte que estes non se realizaban, xa que a ocupación principal dos habitantes do castro era o traballo na mina.

Das 25 cabanas escavadas, 16 delas están completas e presentan unha morfoloxía moi variada: hai cabanas circulares, cuadrangulares, rectangulares con esquinas curvas e irregulares, o que responde a aspectos como a calidade e os coidados construtivos diferentes de cada construtor.

Réxime de protección

O contorno de protección esténdese cara ao noroeste debido á inclusión neste ámbito de dúas explotacións auríferas romanas, directamente relacionadas coa actividade do castro. A delimitación baséase en criterios topográficos e de visibilidade e adáptase aos fitos xeográficos e antrópicos, como os regatos, ríos ou estradas. Pola parte norte, o límite defínese polas estradas que discorren a media ladeira. Polo leste e o sur, o límite establécese polo río do Castro e polo nordeste polo regato que vén de Sabadelle.

Tras a declaración como BIC do conxunto, as intervencións que se pretendan realizar no ben ou no seu contorno de protección terán que ser autorizadas pola Xunta de Galicia e os propietarios, posuidores ou arrendatarios están obrigados a conservar, mantelos e custodialos, evitando a súa perda, destrución ou deterioración. Ademais, están obrigadas a permitirlle o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico designado pola Administración, así como a comunicar calquera dano ou perda que sufrisen e afecten o seu valor cultural. Por último, permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día. O decreto terá eficacia desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Patrimonio cultural galego

Galicia conta cun rico patrimonio cultural constituído por bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deben ser estudados e considerados para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Neste sentido, Galicia conta na actualidade con 64 BIC tendo en conta o Castro de Santa María. Os elementos singulares declarados ben de interese cultural na nosa comunidade nos últimos meses son as estatuas do Mestre Mateo, o Arquivo Fotográfico Vidal, a Cova Eirós, as técnicas construtivas da carpintería de ribeira, a ampliación dos muíños do Folón e do Picón ou a Ribeira Sacra.

SANIDADE REFORZA A ATENCIÓN PRIMARIA COA CREACIÓN DE DIRECCIÓNS PROPIAS EN TODAS AS ÁREAS SANITARIAS

- ***O Consello da Xunta aproba os decretos que regulan as áreas e os distritos sanitarios e a estrutura organizativa da Consellería de Sanidade e do Sergas***
- ***Poténciase unha maior participación cidadá e social coa creación dos consellos de dirección de cada área sanitaria e o Consello Asesor de pacientes da área***
- ***Dentro dos servizos centrais do Sergas, créase unha Subdirección Xeral de Humanización e Atención á Cidadanía***
- ***Coa aprobación dos tres decretos, desenvólvese de forma efectiva o contido da reforma da Lei de saúde de Galicia e adáptanse as medidas recollidas no Plan galego de atención primaria 2019-2020***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos que regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e a estrutura organizativa da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (Sergas). Con esta nova regulación, ambas as estruturas, a central e a periférica, adáptanse ás actuais necesidades asistenciais baixo os principios de optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación entre unidades. A aprobación destes tres decretos desenvolve de forma efectiva o contido da reforma da Lei de saúde de Galicia e tamén se adaptan as distintas medidas recollidas no Plan galego de atención primaria 2019-2021 aprobado polo SERGAS.

O obxectivo fundamental desta nova ordenación é establecer unha organización coordinada, que atenda con eficacia as persoas usuarias da sanidade pública, outorgando á atención primaria un papel clave. Tamén se pretende fortalecer e potenciar os recursos deste primeiro nivel asistencial, sen perder a transversalidade na xestión dos procesos asistenciais, e incrementar a participación cidadá e social coa creación de distintos órganos colexiados.

Neste sentido, o Decreto polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, establece unha estrutura directiva máis eficaz e cun maior carácter técnico, diferenciando a atención primaria da atención hospitalaria, pero sen perder a integración entre estes dous niveis e garantindo a continuidade asistencial.

Cada unha das áreas sanitarias contará cunha Dirección de Atención Primaria propia, co fin de visualizar, poñer en valor e potenciar este primeiro nivel, e cunha Dirección de Atención Hospitalaria diferenciadas. Tamén se recolle a creación, como órgano unipersoal dentro das estruturas de cada área sanitaria, dunha Dirección de Enfermería, así como outra de Procesos de Soportes. Ambas as dúas traballarán de xeito transversal e coordinado coas Direccións de Atención Primaria e Atención Hospitalaria dentro das súas respectivas competencias e ámbitos asistenciais.

Participación dos concellos

Outro dos puntos destacados é a creación dunha Comisión de Atención Primaria da área sanitaria. Estará presidida pola persoa titular da xerencia da área sanitaria e formarán parte dela as persoas titulares da dirección asistencial, da dirección de atención primaria, da de procesos e soporte e da de enfermería, e os xefes de servizo ou coordinadores, na ausencia destes, dos distintos servizos de atención primaria da área. Esta comisión terá, entres as súas funcións, estudar o plan estratéxico, os obxectivos, e os plans económicos, de equipamento e de recursos humanos no ámbito da atención primaria. Tamén lle corresponderá propoñer e detectar as oportunidades de mellora na práctica asistencial neste primeiro nivel e promover as mellores actuacións a seguir na seguridade dos pacientes e traballadores.

Finalmente, e no que se refire á estrutura das áreas sanitarias, increméntase a participación cidadá e social coa creación, entre outros órganos colexiados, do Consello Asesor de Pacientes de Área e do Consello de dirección da Área en cada unha das áreas sanitarias (neste último formarán parte catro vogais representantes dos concellos da área sanitaria, por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias).

Atención ao cidadán e humanización

No Sergas modifícase a estrutura para crear unha Subdirección Xeral de Humanización e Atención á Cidadanía, que dependerá directamente da Xerencia do Sergas. Corresponderalle a esta subdirección a definición, promoción e posta en marcha de programas e actividades para a implantación dun modelo de mellora continua da humanización do Sergas, a garantía dos dereitos da cidadanía e o fomento da participación coas asociacións de pacientes. Tamén se recolle a creación dun servizo de atención ao paciente que ten como obxectivo a coordinación da atención ao paciente en colaboración con servizos existentes nos hospitais.

Dentro da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, créase unha Subdirección Xeral de Atención Primaria e unha Subdirección de Atención Hospitalaria diferenciadas, mimetizando, deste xeito, a estrutura das áreas sanitarias. Corresponderalle á Subdirección Xeral de Atención Primaria impulsar todas as estratexias destinadas a mellorar a efectividade e a eficiencia no ámbito deste primeiro nivel asistencial, fomentar programas asistenciais de continuidade en coidados e de atención á cronicidade (no marco das estratexias do Sergas) e impulsar a implantación de proxectos de intervención comunitaria.

Dentro da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, crearase unha Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e Innovación. Na Dirección Xeral de Recursos Económicos crearase o Servizo de Control, e na Dirección Xeral de Recursos Humanos créase unha Subdirección Xeral de Desenvolvemento Profesional e un Servizo de Planificación Normativa.

A XUNTA NOMEA A ROI FERNÁNDEZ AÑÓN DIRECTOR DE PORTOS DE GALICIA

- ***É enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña desde 2002 e graduado en Dereito pola UNED desde 2014***
- ***Releva no cargo a José Ignacio Villar***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Roi Fernández Añón como director de Portos de Galicia en substitución de José Ignacio Villar. Roi Fernández, nado na Coruña en 1979, é enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña desde o ano 2002 e é tamén graduado en Dereito pola UNED desde 2014. En 2016 superou o Exame Nacional da Avogacía para poder exercer como avogado.

Desde 2002 ata o 2018 ocupou postos de xefe de obra e de director en diferentes empresas vencelladas ao eido da construción e das infraestruturas viarias. En 2018 realizou as oposicións para o corpo de profesores de Ensino Secundario e obtivo a praza, polo que desde o ano pasado ata a actualidade era funcionario da Consellería de Educación.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A CREACIÓN DUNHA ENTIDADE PÚBLICA DE APOIO AOS CONCELLOS PARA GARANTIR A XESTIÓN AXEITADA DOS SERVIZOS DA AUGA E ABARATAR OS CUSTOS DA SÚA PRESTACIÓN

- ***O Goberno galego dálle luz verde ao inicio da tramitación do anteproxecto de lei de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga***
- ***O obxectivo é pór á disposición dos concellos que o soliciten unha xestión profesional e especializada dos servizos urbanos de abastecemento, saneamento e depuración de auga***
- ***Apóstase por unha empresa pública participada maioritariamente pola Xunta, á cal se poderán adherir voluntariamente os concellos coa necesaria implicación da correspondente deputación provincial***
- ***Búscase dar resposta á dificultade contrastada de gran parte das entidades locais galegas para exercer coa necesaria eficacia unhas competencias con forte incidencia na calidade de vida da poboación, no coidado ambiental e na actividade económica***
- ***Tómanse como referencia sistemas de xestión conxunta que permiten aforros notables nos custos de explotación a través do aproveitamento de sinerxias e da utilización de economías escala, ademais de optimizar a eficacia do seu funcionamento***
- ***Estableceranse tarifas unitarias para todos os concellos de Galicia por cada metro cúbico de auga depurada ou abastecida***

O Consello da Xunta acordou hoxe o inicio da tramitación do Anteproxecto de lei de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga. O Goberno galego impulsa deste xeito a constitución dunha entidade pública de apoio aos concellos para garantir a xestión axeitada dos servizos da auga e abaratar os custos asociados á súa prestación.

O obxectivo é pór á disposición dos municipios que así o soliciten unha xestión profesional e especializada dos servizos urbanos de abastecemento, saneamento e depuración de auga.

Con esta iniciativa legal, impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, quérese dar resposta á dificultade contrastada que teñen gran parte dos municipios galegos para exercer coa necesaria eficacia as competencias que lles outorga a lexislación para a prestación dos servizos urbanos da auga.

Estas responsabilidades requiren non só dun conxunto de infraestruturas destinadas a almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga. Nos últimos anos Galicia experimentou un enorme salto cualitativo na extensión territorial dos servizos de abastecemento e depuración de augas, ao cal contribuíu en gran medida a mobilización por parte da Xunta de máis de 1.100 millóns de euros desde 2009 na execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio aos municipios nas súas competencias.

Estas actuacións e investimentos contribuíron, ademais, a mellorar notablemente os parámetros indicadores da calidade das augas en Galicia e o nivel de cumprimento das directivas europeas na materia. A día de hoxe as principais actuacións hidráulicas necesarias en Galicia están ou ben executadas ou planificadas para o seu desenvolvemento a curto ou medio prazo.

Pero para cumprir plenamente seu obxectivo, as infraestruturas deben contar cunha boa xestión que permita prestar os servizos con calidade e eficacia, o cal require dunha capacidade técnica e económica da cal, con moita frecuencia, carecen os municipios de Galicia, en gran medida, debido á dispersión territorial e a complexa orografía.

Con esta norma o Goberno galego busca activar un instrumento de axuda aos concellos, para conseguir unha maior eficacia na prestación das súas competencias en materia de augas, tendo en conta, especialmente, a incidencia destes servizos na calidade de vida da poboación e no coidado ambiental, así como na pesca, no marisqueo e na acuicultura, ademais do turismo.

Apóstase por unha empresa pública participada maioritariamente pola Xunta, á cal se poderán adherir voluntariamente os concellos coa necesaria implicación da correspondente deputación provincial, tendo en conta que estas administracións teñen legalmente atribuídas as funcións de cooperación e asistencia aos concellos.

A proposta referendada hoxe no Consello da Xunta promove a explotación agrupada dos sistemas de saneamento e depuración municipais, tomando como referencia experiencias previas á explotación conxunta que permiten aforros notables nos custos a través do aproveitamento de sinerxias e da utilización de economías escala, ademais de optimizar a eficacia do seu funcionamento.

A adhesión voluntaria dos concellos á sociedade poderá ter por finalidade a xestión dun ou varios servizos do ciclo urbano da auga. Estableceranse tarifas unitarias para todos os concellos galegos por cada metro cúbico abastecido e depurado.

Cando un concello lle encomende a xestión dun dos seus servizos da auga á sociedade pública, esta realizará un estudo técnico, administrativo e económico sobre as condicións de prestación dese servizo que determinará a necesidade ou non de executar novas obras ou infraestruturas, que serán cofinanciadas pola Xunta, a entidade local e a correspondente deputación provincial.

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO PROXECTO QUE PERMITIRÁ AO GRUPO CAAMAÑO AMPLIAR AS SÚAS INSTALACIÓNS DE CULLEREDO E CREAR 700 POSTOS DE TRABALLO

- ***O Consello da Xunta acordou a declaración da incidencia supramunicipal do proxecto sectorial, paso previo á súa presentación por parte da empresa e posterior aprobación do Goberno autonómico***
- ***A compañía ten como obxectivo ampliar en preto de 10.000 metros cadrados a súa superficie para dar continuidade ao seu proceso de investigación e desenvolvemento***
- ***A actuación, na cal o grupo investirá 6,25M€, contribuirá ao desenvolvemento económico de Galicia e á creación de emprego, tanto directo como indirecto, nesta comarca coruñesa***

O Consello da Xunta acordou a declaración da incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para a ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño, en Culleredo (A Coruña). Deste xeito, a empresa prevé aumentar nun 29 % a súa superficie e xerar un total de 700 postos de traballo entre directos e indirectos, contribuíndo así á dinamización da actividade industrial e económica da zona.

Este acordo consiste no paso previo para a súa aprobación definitiva. Agora, a empresa deberá elaborar e presentar o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. O Grupo Caamaño, especializado no sector da construción e do deseño industrial, investirá 6,25M€ na ampliación das súas instalacións en 9.826 metros cadrados máis, nos cales pretende localizar novas edificacións e instalacións produtivas que dean resposta ao seu continuo proceso de investigación e desenvolvemento. Unha vez obteña todas as autorizacións, o prazo de execución previsto é de tres anos.

Cunha traxectoria de máis de 20 anos no seu sector, o Grupo Caamaño dispón dunha ampla experiencia en obras no estranxeiro, emprega máis de 700 persoas de modo directo en España e conta cunha rede de mil provedores.

Deste xeito, a Xunta amosa o seu apoio e compromiso co desenvolvemento industrial da Comunidade, xa que coa actuación de consolidación e ampliación prevista crearanse 200 postos de traballo directos e preto de 500 indirectos, ademais de impulsar a actividade económica desta comarca coruñesa.

A XUNTA E A USC ELABORARÁN UN PLAN ESTRATÉXICO PARA QUE A NOVA PAC 2021-2027 TEÑA EN CONTA AS PARTICULARIDADES DE GALICIA

- ***Para facer esta planificación, cada comunidade enviará as súas liñas de acción, recollendo a súa situación e obxectivos, un traballo que no caso galego se formalizará cun convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello***
- ***O Plan estratéxico da PAC para Galicia Horizonte 2030 pretende ser un exercicio de reflexión estratéxica, no cal se defina a visión da agricultura e do medio rural no futuro de Galicia***
- ***Para perfilar estas accións, créase un grupo de traballo multidisciplinar que se divide en cinco subgrupos e que agruparán os ámbitos relativos aos nove obxectivos da PAC para o próximo período***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a elaboración do Plan estratéxico da PAC en Galicia Horizonte 2030, co obxectivo de que a nosa comunidade autónoma teña unha participación activa nas diferentes fases do proceso de elaboración do Plan estratéxico nacional da PAC 2021-2027, que está coordinado en España polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).

Para poder elaborar esa estratexia nacional, cada comunidade autónoma enviará as súas liñas de acción que recollan a situación e obxectivos en cada rexión. Deste xeito, o Plan estratéxico para Galicia pretende ser un exercicio de reflexión estratéxica, no cal se defina a visión da agricultura e do medio rural no futuro da nosa comunidade. Así, é preciso coñecer a situación de contexto do rural galego, elaborar unha análise DAFO, unha avaliación das necesidades e propor unha estratexia de intervención no medio rural galego.

Neste sentido, e no marco deste convenio de colaboración, créase un grupo de traballo multidisciplinar formado por persoal da Consellería do Medio Rural e da USC, establecendo cinco subgrupos que agruparán os ámbitos relativos aos nove obxectivos da PAC para o próximo período 2021-2027, que xiran arredor da modernización do sector agrario, a través do fomento e a posta en común do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas agrarias e rurais. Deste xeito, búscase a viabilidade económica das explotacións agrogandeiras desde unha perspectiva integral, apostando polo I+D+i neste sector estratéxico galego, co fin de mellorar a competitividade das granxas e conseguir unha renda digna para os profesionais que traballan no medio rural.

Ademais deste obxectivo xeral que persegue a política agraria común, o grupo de traballo nado deste convenio tamén buscará ser compatible con certos sectores e temas de especial relevancia en Galicia. Así, integraranse unha serie de iniciativas de gran peso para a comunidade galega como é o Plan estratéxico para o sector lácteo, a ordenación e mobilización produtiva das terras agroforestais, o Plan forestal de Galicia, a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia e o Plan estratéxico galego de agricultura ecolóxica.

Neste sentido, desde Galicia apóstase por un único plan estratéxico por Estado que recolla as singularidades da nosa comunidade autónoma para así simplificar a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades entre os beneficiarios. Así mesmo, a consellería insiste na necesidade de que a nova PAC siga estando baseada en dous piares: as axudas directas e o desenvolvemento rural.



GALICIA AVANZA NA GOBERNANZA DOS RECURSOS MARISQUEIROS CUN NOVO CONCEPTO DE PLANS DE XESTIÓN CON OBXECTIVOS A TRES ANOS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto dun novo decreto do marisqueo para que sexa sometido ao ditame do Consello Consultivo de Galicia***
- ***Os plans actuais prorrogaríanse ata a entrada en vigor do primeiro plan de xestión trianual para marisqueo de recursos xerais no período 2021-2023 e o primeiro de recursos específicos entre os anos 2022 e 2024***
- ***Para responder a iniciativas do sector como a xestión de novos recursos, novas zonas principais de traballo ou novas técnicas ou artes regulamentarias, poderán aprobarse plans de xestión de vixencia inferior a tres anos***
- ***Dentro das actividades de marisqueo inclúese a realización de turismo mariño polos mariscadores en apoio do uso sustentable dos recursos***

A Consellería do Mar tramitou un proxecto de decreto polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros de Galicia co obxectivo de adaptar a regulación desta actividade á situación actual do sector e mellorar a eficiencia na resolución dos procedementos relacionados coa elaboración e desenvolvemento das actividades dos plans de xestión marisqueira. O texto desta nova norma, que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta para continuar coa súa tramitación e sometelo ao ditame do Consello Consultivo de Galicia, establece a gobernanza dos recursos marisqueiros mediante un novo concepto de plans de xestión con obxectivos -tanto biolóxicos como ecolóxicos e socioeconómicos- a tres anos.

Este período de tres anos considérase axeitado para observar a evolución e os posibles cambios de tendencia nos recursos, polo que o decreto establece que nos próximos anos se prorrogarán tanto o Plan xeral de explotación marisqueira de 2019 como os plans de xestión para recursos específicos deste ano co obxectivo de que o primeiro plan de xestión trianual de marisqueo de recursos xerais sexa o do período 2021-2023 e que o primeiro de recursos específicos sexa o dos anos 2022-2024.

Non obstante, co obxectivo de responder a novas iniciativas do sector produtor como a xestión de novos recursos, novas zonas principais de traballo ou o emprego de novas técnicas ou artes regulamentarias, poderán aprobarse novos plans de xestión de vixencia inferior a tres anos, o que permitirá determinar a súa viabilidade antes de que sexan incorporados como plans trianuais.

Esta nova regulación da actividade cunha configuración plurianual mantén o enfoque da coxestión e gobernanza dos recursos coa participación do sector e establece un marco flexible que permite, durante o seu desenvolvemento, adaptar as medidas de xestión á situación existente logo da consulta coas entidades titulares dos plans de xestión.

En canto aos permisos de explotación para marisqueo a pé, estes seguirán tendo carácter anual, mentres que as modalidades de recursos específicos desde embarcación, terán

carácter trianual prorrogándose os renovados neste ano ata que comece a aplicarse o primeiro plan trianual.

Neste sentido, co obxectivo de favorecer a renovación dos permisos de explotación para marisqueo a pé ante situacións que os profesionais non poden prever ou evitar, computaranse os períodos que a persoa estivo inactiva por causa debidamente xustificada, non limitándose ás causas de forza maior.

Como causa xustificada de inactividade recoñécese, ademais, o tempo empregado en labores de representación de postos de dirección das confrarías e federacións de confrarías ao tempo que pasa a incluírse dentro das actividades de marisqueo a realización de turismo mariño polos mariscadores en apoio do uso sustentable dos recursos.

Autorizacións extraordinarias

O texto aprobado polo Consello da Xunta tamén prevé a posibilidade de autorizar a actividade extractiva en situacións extraordinarias e datas de celebración sinaladas, Semana Santa ou decembro, co que se podería permitir a extracción en sábados ou festivos sempre que esa posibilidade se recolla no plan de xestión correspondente.

O proxecto de decreto do marisqueo pretende actualizar unha regulación que databa de 1993, do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, e adaptala á situación actual. Nese sentido, a Consellería do Mar entende que esta norma é o instrumento máis axeitado para mellorar a xestión do marisqueo en Galicia ao ampliar os períodos de vixencia dos plans de xestión e ter en conta non só aspectos produtivos ou económicos, senón tamén ambientais, sociais e de emprego.

O Executivo galego contou coa participación do sector para a elaboración do texto, que foi sometido ao trámite de audiencia e de exposición pública ao tempo que os técnicos da Xunta mantiveron varias reunións coas confrarías e federacións de confrarías co obxectivo de escoitar as súas achegas. O documento tamén estivo dispoñible na web de transparencia do Goberno autonómico co obxectivo de que calquera cidadán puidese facer suxestións ao texto.

A XUNTA APROBA AS PRIMEIRAS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA CO OBXECTIVO DE UNIFICAR CRITERIOS TÉCNICOS PARA A ELABORACIÓN DE DOCUMENTOS DE ORDENACIÓN

- ***Esta nova ferramenta en materia urbanística fomentará a dixitalización dos datos espaciais como garantía de acceso á planificación territorial ao conxunto da sociedade***
- ***O Consello da Xunta foi informado do contido das Normas técnicas que representan un novo paso na estratexia normativa impulsada pola Xunta hai xa unha década en que prima a simplificación do planeamento***
- ***A redacción desta ferramenta está marcada pola procura dunha maior transparencia e lexibilidade, ao facilitar e axilizar a súa elaboración, tramitación e coñecemento***
- ***Coa aprobación das Normas técnicas de planeamento avánzase un novo paso na estratexia normativa do Goberno para acadar un urbanismo responsable que de valor ao territorio***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou as primeiras Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, cuxo principal obxectivo é unificar os criterios técnicos que regularán a elaboración de todo o planeamento urbanístico.

Tal e como se recolle na Lei do solo de Galicia, as Normas técnicas de planeamento serán unha ferramenta con que unificar a terminoloxía e os conceptos urbanísticos xerais, así como calquera outra cuestión que precise aclaración ou orientación técnica en materia de planeamento urbanístico; ademais dos criterios técnicos para a elaboración dos documentos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda redactou este documento que senta as bases para fomentar a integración da información do planeamento nas infraestruturas dixitais de datos espaciais, coa finalidade de posibilitar un acceso sinxelo aos documentos de planeamento ao conxunto da sociedade, é dicir, tanto aos técnicos que participan na planificación do territorio, como á cidadanía en xeral.

As normas técnicas son un instrumento técnico que, non só se dá cumprimento ao contido do artigo 48 da Lei do solo de Galicia e aos artigos 88 e 89 do Decreto polo que se aproba o regulamento da lei, senón que tamén representan un paso máis na estratexia normativa de simplificación e normalización técnica dos instrumentos de planeamento.

Nese sentido, a Xunta defende que a tramitación do planeamento debe ser unha oportunidade, non un atranco para o desenvolvemento territorial, polo que as normas técnicas nacen da necesidade de facilitar e axilizar a súa elaboración, tramitación e coñecemento. En definitiva, cómpre entendelas e asumilas como unha oportunidade de mellora no proceso de formulación e aprobación dos documentos de planeamento, sempre na procura dunha maior transparencia e flexibilidade destes.

Contido

As Normas técnicas de planeamento serán de aplicación íntegra aos plans en tramitación que non acadasen a aprobación inicial na súa data de entrada en vigor que se formalizará aos seis meses da súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*.

Con base nas normas, defínense e concrétanse os conceptos habitualmente utilizados na elaboración das normas urbanísticas dos instrumentos de planeamento ou das ordenanzas de edificación, así como noutros documentos escritos e na rotulación e lendas dos planos, que xa se recollen no Regulamento da Lei do solo de Galicia (no seu anexo I) e no Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, para os conceptos cartográficos.

Tamén se fixan os criterios de elaboración, presentación e entrega da documentación dos instrumentos de planeamento, como por exemplo, a necesidade dun índice xeral numerado, e dun índice propio de cada documento, sinalando as súas páxinas numeradas e con acceso as diferentes partes a través de marcadores, os datos identificativos que deben incluírse en todas as follas e a correcta e homoxénea configuración do nome de cada instrumento,

Outro aspecto que se aborda é a regulación das abreviaturas, da simboloxía gráfica (cores, tramas, tipos de liñas, e simboloxía gráfica), así como os formatos de entrega da documentación (como mínimo unha copia de todo o seu contido en soporte dixital -nun formato non editable PDF que permita a súa sinatura electrónica e un formato editable-, sen prexuízo de que as administracións que contraten a formulación do planeamento poidan exixir o formato papel) e a necesidade de dilixenciación e uns códigos con que se deben identificar as carpetas do planeamento.

Establécese que para a elaboración da documentación gráfica debe empregarse a cartografía oficial rexistrada e dispoñible no Instituto de Estudos do Territorio, que é o órgano cartográfico de Galicia; polo que cando se fixe a necesidade de actualizar a cartografía deberá producirse a posta á disposición do IET para a súa validación e a súa inscrición no Rexistro de Cartografía de Galicia.

Con estas normas, todos os concellos enviarán os seus documentos de planeamento de modo homoxéneo e comparable, e coas características adecuadas para que sexan compatibles co Sistema informático de ordenación do territorio de Galicia (SIOTUGA). Así, neste sistema informático, e de modo accesible ao público, poderase acceder aos documentos do planeamento -tanto en papel como en soporte electrónico-, cun formato, símbolos, abreviaturas, características únicas para todos os concellos, o que supón un enorme avance no proceso de elaboración, na transparencia e na seguridade xurídica do planeamento.

Unha década camiñando cara un urbanismo sustentable

Coa elaboración das Normas técnicas de planeamento, a Xunta de Galicia dá un novo paso na estratexia normativa para definir un urbanismo responsable que acade a maior simplificación, transparencia e seguridade xurídica.

O Goberno da Xunta apostou pola ordenación e protección do territorio e a primeira aposta foi hai xa unha década co inicio da redacción das Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, aprobados en 2011.

A nova Lei do solo saldou unha cuestión pendente en materia de urbanismo e deu valor ao territorio, chegando a un punto sen retorno que continuou coa aprobación do seu regulamento e co Plan básico autonómico, toda unha serie de ferramentas que permiten ao Goberno galego avanzar no seu propósito de garantir un territorio ordenado capaz de trazar o futuro con criterio e garantías, de modo que todos os concellos conten co seu planeamento.

GALICIA INCORPORARÁ 15 PROFESIONAIS DE ALTA CUALIFICACIÓN EN EMPRESAS E CENTROS DE COÑECEMENTO A TRAVÉS DO PROGRAMA TALENTO SÉNIOR

- ***A Xunta impulsa estas contratacións con preto dun millón de euros co obxectivo de fomentar a atracción e o retorno de talento***
- ***Os doutores e especialistas contratados contan cunha media de 11 anos de experiencia en diferentes ámbitos da I+D+i, e máis da metade son mulleres***
- ***Seis profesionais regresan a Galicia desde Estados Unidos e diferentes comunidades autónomas***
- ***Desenvolverán a súa actividade en sectores como o naval, o pesqueiro, a saúde e a biotecnoloxía ou as tecnoloxías da información***
- ***As entidades beneficiarias recibirán un incentivo de 64.000 euros por cada un dos contratos, todos iguais ou superiores a tres anos e a maioría indefinidos***
- ***A iniciativa forma parte do programa Talento 2021, que busca xerar, reter e atraer 1500 profesionais a Galicia para actividades de I+D+i***

Un total de 15 profesionais de alta cualificación vanse incorporar a 9 empresas e 6 organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos galegos grazas á segunda edición do programa Talento Sénior, co que a Xunta impulsa a atracción e o retorno de investigadores doutores e tecnólogos de alta cualificación con traxectorias consolidadas para que participen en proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en Galicia.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), concedeu apoios por preto dun millón de euros, e así, as entidades beneficiarias contarán cun incentivo de 64.000 euros por cada persoa contratada. Todos os contratos son iguais ou superiores a tres anos, e a maioría indefinidos. As entidades deberán achegar ao profesional que se incorpore a través deste programa un salario de cando menos 40.000 euros brutos por anualidade. Ademais, o persoal poderá estar contratado pola entidade beneficiaria da axuda desde o pasado 1 de xaneiro.

Os especialistas contratados contan cunha media de 11 anos de experiencia en diferentes ámbitos da I+D+i, e desenvolverán a súa actividade en sectores como o naval, o pesqueiro, a saúde e a biotecnoloxía, as ciencias naturais, os servizos técnicos de enxeñería, e as tecnoloxías da información. Seis deles retornarán a Galicia desde Estados Unidos e diferentes comunidades autónomas e máis da metade, un total de 9, son mulleres.

Estas novas contratacións súmanse ás dez impulsadas na primeira edición de Talento Sénior, que está incluído no programa Talento 2021, impulsado pola Xunta para xerar, reter e atraer 1500 profesionais a Galicia para actividades de I+D+i, estimándose a mobilización de preto de 47 millóns. A través de Talento 2021 tamén se reforzan accións como o programa Ignicia, que ten permitido crear ou manter máis de 120 empregos cualificados a través do apoio a proxectos que achegan solucións ás necesidades tecnolóxicas das empresas galegas; ou o Principia, que xa ten en permitido a contratación de 472

profesionais de ata 35 anos en actividades de I+D+i. Este novo plan de Gain tamén inclúe o impulso do Oportunius, centrado na atracción e retención de investigadores excelentes, e das axudas aos investigadores para desenvolver a súa carreira predoutoral e postdoutoral.